

A SEMÁNTICA

2º ESO

Índice



Sinonimia



Antonimia



Polisemia



Homonimia



Hiperonimia





SINONIMIA

- Aquelas palabras que comparten o mesmo significado.
 - **Sinónimos absolutos:** son palabras cuxo significado é equivalente en calquera contexto.

bágoa - lágrima

- **Sinónimos parciais:** palabras que comparten algún significado, pero non todos. Isto vai implicar que non sempre poidamos intercambiar unha pola outra.

branco - cano





Olo!

O emprego de sinónimos pode resultar un recurso moi útil para evitar repetir unha mesma palabra nun texto.

O galego é a nosa lingua.

Este idioma é parte da nosa esencia.

ANTONIMIA

- Son aquellas palabras con significados contrarios.




abrir - pechar



POLISEMIA

- As palabras polisémicas son aquelas que teñen máis dun significado, polo que eses significados adoitan manter relacións entre si.



* Ao buscar unha palabra polisémica no dicionario, cada significado aparecerá numerado debaixo da mesma entrada. Olla a seguinte entrada do dicionario da RAG!

<https://academia.gal/diccionario/-/termo/moeda>

HOMONIMIA

- Son palabras diferentes (proceden de diferentes raíces latinas) que teñen a mesma aparencia. Isto implica que os seus significados non teñen ningún tipo de relación entre si.

REAL

1. Real: 'que é certo, que existe de verdade'
Non o estou inventando, esta é unha historia real.

2. Real: 'que está relacionado coa realeza'
O rei é a figura principal da familia real.

* As palabras homónimas recóllense no dicionario en entradas diferentes, como podes ver na entrada da palabra real no dicionario da RAG!

<https://academia.gal/diccionario/-/termo/real>

HIPERONIMIA

- Os hiperónimos son palabras que designan un conxunto de realidades, mentres que os hipónimos son cada un dos elementos que forma parte dese conxunto.

HIPERÓNIMO

Redes sociais

HIPÓNIMO

Tiktok, Instagram

Twitter

- Ademais, os hipónimos dun mesmo campo semántico (Instagram, Tiktok...) son **cohipónimos** entre si.

